



BENVIDO, MISTER MARSHALL



A foto que fala

Afganistán é, segundo “Save the Children”, o lugar do mundo onde un neno ten menos posibilidades de sobrevivir.



O trasno Dicionarios

Daniel López Muñoz

Agora que temos unha Academia Galega con pólvora e magnolias, poderíamos contraatacar. Outra cousa é que non nos vaia o estilo.

O que dixo aí atrás esa señora é culpa súa só en parte. Está no dicionario da Real Academia Española. E ela, que é todo elejansia e sobreabunda en españolidade, limitouse a empregar a acepción número oito do termo “galego”, que é a de “tonto, falto de entendimiento”. É o máis probable, agás que quixese chamar a Zapatero –en adiante Zapateiro- e de paso a Rajoy, –en adiante Rajoy- “ave palmípeda de plumaje ceniciento”, ou, se cadra, “especie de lagartija crestada que vive en las orillas de los ríos”, cousa incerta falando de don José Luis e pouco probable –aínda que o de “ceniciento”, dea que pensar- falando de don Mariano.

Mirei no dicionario da Española: andaluz, asturiano, catalán, murciano, físterán (non viña), vasco e en ningún caso presentan semellante riqueza de significados. Temos que estar orgullosos de compartir entrada na lingua española coas palmípedas cincetas e os cristados con déficit de entendemento (de feito hai ben deles nas portadas da “prensa rexional”).

Con todo, poderíamos amagar con desempoar a versión apócrifa do

dicionario da Academia Galega que disque apareceu no faiado con pingueiras da rúa Tabernas número 11. Nesta versión, na que se pasaron un pelo, recóllense todas as acepcións que en galego se dan aos numerosos xentilicios ibéricos. Non me paro coas de catalán, andaluz, portugués e vasco, que non teñen culpa, pero si que me chamou a atención a de madrileño, xa que, en definitiva, é do que exerce por adopción esa política señora. O dicionario dicía estas barbaridades:

Madrileño: 1. Natural ou habitante de Madrid. 2. Propio de Madrid (Ex. *Cocido madrileño*). 3. “Nin que foses...”; “Pareces un.....”; “Seica es”: Testán, de mente rixida; persoa etnocéntrica, incapaz de captar a diferenza cultural; aplícase a quen ignora os aspectos elementais da vida natural de animais e plantas (Ex. *Pensaba que os percebes nadaban, ... nin que fose madrileño*); chulo, rufián, home que trafica con mulleres públicas; farfallán, esbardalleiro, esaxerado; dise da persoa ruidosa; torpe, trastalleiro, pouco áxil; fachendoso, incapaz de arrepentimento.

Pois iso, que non é falta de imaxinación nin de significados. É unicamente cuestión de estilo e saber estar. Pero se hai que negociar, negociemos.



Editorial

O papa-tour 2010 pisa Galicia

Chea de gozo e ledicia recibiu *toda* Galicia a confirmación da viaxe que o Santo Padre vai realizar o próximo 6 de novembro á nosa terra. Os nosos representantes políticos, xa de dereitas ou de esquerdas, estatais, autonómicos ou locais, por non dicir a xerarquía eclesiástica, aplaudiron o anuncio desta visita. A Galicia eclesiástica e a leiga fundíronse nunha aperta nisto que a Constitución deu en chamar Estado aconfensional, reafirmando, por outra banda, esa visión roucovareliana do difícil que é ser actualmente católico no noso país.

Pero, para que vén un Papa? Por que é tan importante que veña? Pois se atendemos ao que se foi declarando dende moitos eidos e dende diversos medios de comunicación, podería resumirse en: “o Papa vende”. Unha frase que ao propio Bieito non lle agradaría, mais que o presenta como un motor de reactivación económica no medio da crise, nun momento no que o Xacobeo 2010 comezaba a dar mostras de fraqueza. Desestimada por disparatadamente cara a visita dos U2, a presenza do Papa actuaría coma un revulsivo para unha hostalaría que clamaba por alternativas que desestacionalizasen a chegada dos visitantes. Mágoa que a insólita unanimidade política e social nestes tempos de crise, non se trasladase a outros eidos,

como o da vila mariñeira que vai albergar o porto refuxio que evite un novo Prestige, ou o das novas instalacións do centro de tratamento e de incineración de residuos que vai ser necesario construír no sur de

A controversia veu cando houbo quen quixo patrimonializar a prometida visita

Galicia e que tantos problemas vai xerar!

A visita do arcebispo de Santiago ao Vaticano, que confirmou a próxima chegada do Papa, tivo a súa natural controversia cando houbo quen quixo patrimonializar o éxito da misión. A presenza do presidente Feijóo dentro do séquito arcebispal, nunha audiencia privada a Barrio, amosa o difícil que é entender algunhas veces que vén sendo iso da separación Igrexa-Estado, salvo que pensemos que a presenza do presidente de todos os galegos e galegas responde a un novo xeito de entender un “aconfesionalismo harmónico e dialogante”.

E sobre presenza da compañeira, colaboradora, ou como se dea en chamar, do noso presidente, deixemos falar á prensa rosa, aínda que entendamos perfectamente que tivo o seu interese e mesmo que Bieito puidese chegar a exclamar: “eu non creo noutros modelos de familia, pero habelos, hainos”.

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Non hai nada que una máis que ter un inimigo común.

Andabamos os galegos discutindo sobre as caixas e sobre a lingua, pensando sempre que mexan por nós e hai que dicir que chove

cando, de súpeto, chegou ela: dona Rosa Díez, e dixo o que dixo. Utilizou o termo galego coma se dun insulto se tratase e démonos conta que ata aí podíamos chegar. Todos os galegos e galegas unímonos e lanzámonos polo seu pescozo. Cunha dignidade abraiante. En Facebook xurdiron grupos que unen a denuncia coa retranscrición e comezaron a criticar as declaracións da deputada. Hai moitos pero por dicir un cheo de tranca e retranscrición: “seguimos buscando en van un galego cun coeficiente intelectual inferior ao de Rosa Díez”

Sei que todos estamos cabreados pola actitude desta señora pero dándolle a

volta á nova podemos ser conscientes que o próximo que pretenda insultar co noso xentilicio vai apañado. Unha pequena mostra de dignidade que nos enche de satisfacción. Acabo de escoitar como a xornalista monfortina Julia Otero utilizou a tranca para poñer no seu sitio ao xornalista Arcadi Espada por tratar de xustificar a dona Rosa.

Mañá seguiremos rifando entre nós polas caixas e a lingua, pero hoxe pásémolo ben como facían os galos de Asterix cando eran atacados polos romanos. Entre nós, o que queiramos, pero moito ollo con tocar o noso xentilicio. Entendes, Rosiña?

1



3



2



4



A peneira

1

MANUEL ESPÍÑA traspasou o lintel da Xerusalén eterna, soñado no Pórtico da Gloria da Coruña, no Día da Transfiguración e coa luz da Alba de Gloria de Castelao proclamada no Día de Galiza (1948). Fixoo ollando limpo e alto, coa enerxía do Cristo obreiro, agasallo de Seoane, que alumaba a súa alcoba, ata que o entregou a unha das súas causas xustas. Agora, patrimonio común, podemos velo ata o 14, en Caixanova de Santiago.

2

Os XXV Encontros de **EDUCACIÓN PARA A PAZ** celébranse o 11 en Santiago baixo o lema "Dereitos e responsabilidades de nenos, nenas e adolescentes". No lemen, a metade son casadas antes dos 18, e moitas son nais aos 11, en escravitude relixiosa. No Níxer o 70% casaron antes dos 18 e en Bangladesh o 65%. O 22,6% da India antes dos 16, e 2,6% antes dos 13. 14 millóns de adolescentes entre 15 e 19 teñen fillos. Aquí hai 5000 nenos inmigrantes sen papeis. En Filipinas, 10 millóns medran sen país, na emigración.

3

Marca 1 **GOL** nun compromiso universal, empurrando "Educación para todas e todos" como un triunfo da Copa Mundial de Fútbol 2010, porque a educación combate a pobreza. Cómpre incentivar esta campaña en todos os deportes e acontecementos, así nos XV Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios organizados por Special Olympics Galicia e Fademga. Vai ser o 20, na Facultade de CC do Deporte, na Coruña; ou con Iván Raña na Copa do Mundo de Mooloolaba-Australia, o 28.

4

Eleccións en Colombia, onde a inercia campa arreo alimentando o paramilitarismo auspiciado por EEUU, exportable a outros lugares, cando está a artellar-se a Comunidade de Estados Latinoamericanos e Caribeños coma motor da alternativa de Evo Morales. Os "Dez mandamentos para salvar o Planeta, a Humanidade e a Vida", contra a globalización neoliberal, xorden ollando a **CONFERENCIA MUNDIAL DOS POBOS** (20 de abril), sobre cambio climático, en Cochabamba- Bolivia, para acadar máis eficacia no Foro Social Mundial.

6



8



5



7



Alfonso Blanco Torrado

5

O alcalde de Porto pregoa a Feira do **VINO** de Chantada, o 13, cando se proxectan rotas para o turismo entre o norte de Portugal e as denominacións: Valdeorras, Monterrei, Rías Baixas, O Ribeiro, Ribeira Sacra... Hai lugares nos que, dun xeito brutal, se está a destruír o patrimonio. O estado dá permiso para ampliar a presa de S. Pedro, preto do mosteiro de Pombeiro, porque, segundo eles, é zona moi deteriorada, e que máis ten... Iberdrola, empresa beneficiaria, xa intervéñ con gran prexuízo para o medio na presa próxima de Santo Estevo.

6

O *club da calceta* de Antón Dobao proxectarase, no festival de **CINE** de mulleres de Miami, o 26. A novela de María Reimóndez, fundadora de "Implicadas no desenvolvemento" tece a loita de 5 mulleres contra o machismo. Na foto, María Buide, na India, con galegas que as apoiaron no verán, loitando contra a marxinação con microcréditos para negocios. Xa denunciara en 'Moda galega', o consumismo, a explotación feminina, o feitizo enganoso das pasarelas e o comercio inxusto. O 1% da terra é delas, e cultivan o 80%.

7

Polo quecemento do clima -un grao cada 40 anos- as **ANDORINAS** e outras 78 especies adiantan a chegada e adían a marcha. Conviven nestas terras un mes máis. Os emigrantes nas idas e voltas son coma andoriñas como reflicte o escudo dos galegos de Euskadi. Neira Vilas, tamén el emigrante, recoñeceu á muller, Anisia, coma rula, pomba..., e no epitafio do panteón: "Andoriña viñeches de América/ navegando do vento nordés. / E esta terra ofreceuche agarimo./ Es de aquí para sempre, de Gres". Lembraba así os pais galegos en Cuba, Bos Aires, Galicia, onde acouga.

8

A Asociación de Actores e Actrices celebra 25 anos, o día 24, coa entrega dos premios "María Casares", no teatro Rosalía de Castro da Coruña. É un recoñecemento digno para os que nos deleitan cada día. É o caso de Berrobambán, con 'Pressing Latch', na Sala Nasa de Santiago, do 11 ó 21. Foi o primeiro programa estable de **TEATRO** familiar, no eido infantil. Agora fan espectáculo incidindo nas relacións sociais: medo, manipulación, liberdade. Na foto, a directora de Achádeggo, Tareixa Campo, na exposición de 20 anos de teatro.

☎ 27891 CERVÓ (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

☎ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 02 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

☎ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

☎ Rebl, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

☎ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

☎ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



☎ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

☎ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

☎ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

☎ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

☎ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

☎ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

☎ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

☎ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espirolde@yahoo.com

☎ Calvo Sotelo, 8
36580 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com

Política Caixas locais galegas

Pedro Pedrouzo

O embeleño que está provocando a posible fusión das dúas caixas galegas reflicte unha das maiores pantomas do noso pasado, aquela á que decote recorremos medio avergoñados para tentar explicar o *inexplicable* atraso económico no que aínda nos movemos, provocada pola nosa peculiar forma de ser (e estar): os localismos.

O retraso na entrada do tren, a existencia de tres miniaerportos ou o inexplicable trazado das autovías ao seu paso por moitas vilas, para as que a estrada é a principal fonte de ingresos, son só tres exemplos máis da nosa teimuda incapacidade de pensar en conxunto, ignorando que, o que a curto prazo pode ser beneficioso para o meu anaco de país, será un auténtico despropósito para a terra que lle rodea, e da que tamén aquel vive.

O desproporcionado poder que teñen os políticos do “punto de luz”, que teñen ben agarrado o voto local, provoca deformacións continuas na xestión pública en Galicia. Non se trata de ideoloxía a necesidade de recortar o poder omnímodo que teñen alcaldes e presidentes das deputacións na nosa paisaxe política: políticos de distinto signo sucumben ante a atractiva aritmética que leva a decidir o uso dos cartos segundo a proximidade das urnas. A trampa está creada, o atractivo engado tendido. Enorme tentación á que non se resiste ninguén e que lastra de forma importante o noso desenvolvemento. Cativos dunha economía pequena, somos satélites dos nosos políticos, pedindo pequenos favores, un contrato coa nosa empresa, un chollíño para o noso fillo, un arranxo no barrio, etc.

Evidentemente, o problema das caixas ten moitas máis peculiaridades que dificultan dar unha resposta satisfactoria. Porén, detrás de razóns económicas, aínda latexan no seu lentor, inusitados localismos que agroman entre os miles e miles e miles de persoas que se manifestan. E dese localismo saben sacar bo rédito aqueles políticos que saben cal é a ideoloxía propia desta terra: “o terruño”



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Dentro duns días celebraremos a paixón. Xa che dixen algunha vez que eu non son moi de Semana Santa. Non entendo que lle atopa a xente a desfilar polas rúas tocando tambores e cornetas e cuns vestidos bastante estraños. Como din que é cousa de gustos, eu opto por apartarme desas cousas e buscar a tranquilidade da montaña e o campo, onde xa rebenta a pascua e a primavera.

Eu teño claro que a morte de Xesús non é distinta de tantas mortes inxustas que houbo na historia. Penso que Xesús non quería morrer na cruz porque non era un masoquista. Tampouco quería monseñor Romero que o matasen, hai agora trinta anos. Pero tanto Xesús como Romero sabían que podía pasar, e non se botaron atrás. Creo que isto é o importante.

A historia foi vestindo a morte de Xesús dun ton expiatorio e reflectindo un Deus que podía estar eternamente anoxado; así foi que medrou máis a culpabilidade que a doazón e a liberación.

Os relatos da pascua cóntannos que Xesús só se lles apareceu aos amigos, non lle apareceu a Pilato nin a Caifás. Será porque só os amigos, só os que lle querían, eran capaces de velo?

Nestes días marchou cara aló o noso amigo Espiña, arroupado de tanta xente que segue a miralo cada día, cando parte o pan dos dereitos e da xustiza. Espiña é un exemplo de dignidade, de constancia, de amor a Galiza e as súas xentes.

Coma Pedro, precisamos de María Magdalena e do discípulo amado para que nos aparten do pesimismo, para que nos axuden a ver a Xesús, a Romero, a Espiña..., que seguen partindo o pan cando nós somos capaces de partir a vida e de dála, só cando amamos coma eles somos capaces de ver máis aló da morte. Bendita Pascua!



© CARRABOXO por ROBÉ LOIS



Entrevista con José María Castillo¹



José María Castillo é un dos grandes da teoloxía en España e no mundo. É un teólogo que sabe combinar á perfección o ensaio profundo e a divulgación. Por iso se converteu nun teólogo de referencia. Hai uns anos deixou a Compañía de Xesús. É un teólogo, como todos os que están en fronteira, perseguido por Doutrina da Fe (con varios mónicos contra el), pero que segue na brecha. Por exemplo, co seu novo ensaio editado por Trota: A humanización de Deus.

“Xesús mandou os apóstolos descalzos e ao Papa recíbeno como a un xefe de Estado”

P- Cal é a tese fundamental do teu novo libro?

R- Está indicada no título. Deus, na historia das relixións, é considerado como un ser transcendente e, polo tanto, inalcanzable. Nunha orde completamente distinta e inasequible ao ser humano. Xa que logo, as relixións ao máximo que chegan é a falar da relación do home con Deus. A orixinalidade do cristianismo é que fala da unión do ser humano con Deus. E desde ese momento hai que preguntarse se é que o home é elevado á condición divina, ou se Deus se identifica coa condición humana. O Concilio de Calcedonia, no século V, optou por unha solución que parecía intermedia: dicir que é verdadeiro Deus e que é verdadeiro home, pero que nel hai unha soa persoa que é divina. Co cal, sen dicilo, está dicindo que é máis Deus ca home.

P- E ti pretendes darlle unha volta?

R- Só quero tomar como punto de arranque un misterio central do cristianismo: a Encarnación. Que Deus se fai carne. E facerse carne é descender e identificarse co máis profundamente humano. Desde ese punto de vista, temos todo o dereito do mundo a dicir que Deus, en Xesús, se humanizou e, polo tanto, identificase con todo o humano. Ata o extremo de poder dicir: “O que fixestes a un destes, a min mo fixestes”

P- Pero iso é tamén doutrina da Igrexa?

R- Iso está no Evanxeo, e por iso a Igrexa ten o deber sacro de ensinalo, defendelo e explicalo.

P- E no Credo?

R- Si, pero o que ocorre é que o Credo, tanto na súa fórmula curta (do Concilio de Nicea) como na máis ampla (do Concilio I de Constantinopla) redactouse baixo a influencia política dos emperadores. Os catro primeiros concilios da Igrexa non foron convocados polos papas, senón polos emperadores. Custeados, aprobados e promulgados por eles.

P- Segue hoxe a Igrexa tendo medo á humanización de Cristo?

R- E non só de Cristo, que era plenamente humano, senón de Deus. A clave está na pregunta de Filipe: “Señor, móstranos ao Pai” ...Ver a Xesús era ver a Deus. Oílo era oír a Deus. Tocar a Xesús era tocar a Deus. Xa que logo, desde o momento en que Deus se humaniza, fúndese co máis débil da condición humana, asumindo toda a debilidade, menos o pecado. Menos a maldade, que é inhumanidade, deshumanización.

P- A humanización segue traendo hoxe problemas? Pagola é un claro exemplo actual.

R- Evidentemente. Porque o humano é o máis básico da nosa condición, anterior ao cultural, ao relixioso, etc. E Deus identificase con iso. A Deus atopámolo ante todo no laico, no común a todos os seres humanos. Por exemplo: a saúde, a alimentación, o respecto, as relacións humanas. Estas foron as grandes preocu-

A Igrexa ten o deber de ensinar que Xesús se identifica con todo o humano

¹ Tomado da web Religión digital.

pacións de Xesús. E para iso apelaba a Deus. Porque Xesús sabía moi ben que sen fe, sen unhas conviccións fondas, a condición humana non dá de si. Porque o inhumano predomina en nós, o Pecado Orixinal. Entón, a min parécese que a orixinalidade do meu libro é que di que a Deus o temos que buscar, ante todo, no humano. E que o cristianismo está para humanizarnos.

A Xesús coñecémolo pola historia evanxélica. Pódese discutir sobre o valor histórico, aí está a realidade dun galileo, traballador do século I, que viviu de tal forma, tivo tales conviccións, fixo tales cousas e morreu de tal xeito, sabémolo con sobrada seguridade. A partir de aí temos que coñecer a Deus.



P- Un déficit que sinalas na cristoloxía é a cristoloxía política da Igrexa antiga. Que queres dicir con iso?

R- Refírome ao cesaropapismo. Á influencia dos intereses políticos na teoloxía. Compréndese que isto pasase, porque era o tempo da decadencia do Imperio. Aquilo ía ao traste, e agarráronse ao que puideron. Como viron que o cristianismo ía en aumento, agarráronse a el. Pero, claro, a eles non lles interesaba un Deus crucificado. E o problema co que se atoparon foi que o cristia-

P- E iso pódese facer a igrexa do poder, identificada co Vaticano? Só ver o Vaticano dá a sensación de que estamos ante un gran poder.

R- Non é só unha sensación, é unha realidade. A cúpula e a praza de San Pedro, a maxestividade dun cardeal vestido con todos os seus ornamentos son unha expresión simbólica dunha realidade. A Igrexa predica o Evanxeo. Hai moita xente na Igrexa que o vive, e sofre por causa do Evanxeo. Hai bispos e sacerdotes e relixiosas e relixiosos en sitios aos que non vai

O Imperio Romano creou o pantocrátor porque non lle interesaba un deus crucificado

nismo predicaba que o deus no que crían era un crucificado. E iso significaba un escravo, ou un estranxeiro, ou un subversivo. Como arranxaron iso? Creando un deus todopoderoso. O pantocrátor, que era un título imperial, colgáronllo a Xesucristo. Pero o Deus que sae nos evanxeos é un Deus misericordioso.

P- “Todobondadoso”

R- Iso é. A xente non necesita poderes que a dominen, senón comprensión, misericordia, respecto, tolerancia, axuda para a nosa debilidade. Este sería o mellor servizo que a Igrexa podería facer.

ninguén. Por exemplo, en América Latina. Curas que o pasan fatal, nos peores sitios. Pero iso non é noticia en ningures. O que é noticia son as grandes reunións na Praza de San Pedro ou en calquera sitio onde vaia ser recibido o Papa como un grande deste mundo, como un xefe de Estado. E a xente non se aclara. Xesús mandou os apóstolos a evanxelizaren. Díxolles: “Non levedes diñeiro, nin bastón de mando, nin sandalias; non levedes dúas túnicas”. Porque así se evanxeliza. Eu creo que evanxelizou máis San Francisco de Asís coa súa humildade e a súa sinxeleza, ou a boa xente por aí perdida, curas, monxas, laicos..., ca



Entrevista con José María Castillo

estes personaxes que aparecen con esa pompa.

P- Imos cara a unha Igrexa da pompa e da liturxia e afastámonos dos pobres?

R- Claro, a medida que vai perdendo poder no tecido social, aférrase a esas cousas. Perde influencia por toda Europa, por todo o mundo. Por iso a Igrexa se agarra ao integrismo dogmático, á política, etc. pensando que con iso vai compensar as carencias noutros ámbitos, que coidan decisivos. Decisivo é o Sermón do Monte, que determina a convivencia entre a xente. Pero iso non se transmite, non se lle contaxia á opinión pública, ao pobo.

P- Ves algunha saída? Hai algunha posibilidade de que esta crecente involución poida dar marcha atrás?

R- A esperanza que temos é que van chegar a tal límite que se van dar conta de que por aí xa non se avanza máis. Hai moita xente convencida diso, non soamente entre laicos e segrares, senón tamén entre os bispos. O que pasa é que nos ambientes clericais hai moito medo. E, xa que logo, falta de liberdade. Cando era xesuíta, un bispo faloume con toda confianza. Estaba nunha gran diocese de España, e contoume como os controlan desde Roma, mediante un mónimo, un aviso. E contoume algún exemplo, como o do cardeal de Barcelona morto hai uns anos, ao que lle mandaban mónimo tras mónimo por cousas moi estrañas. Ata que un día se, fartou tomou un avión, foise a Roma e preguntou: “Que pasa aquí?”. O caso é que buscaron, e atoparon que aqueles mónimo víñanlle ao cardeal de Barcelona nada menos que por denuncias que mandaba a Roma un sacerdote que estaba nun psiquiátrico.



P- Hai medo, autocensura?

R- Nin somos conscientes do medo. Hai unha afirmación dun psicanalista francés que di: “A obra mestra do poder consiste en facerse amar”. E se o poder é relixioso, faise amar moito máis. Amamos ao que nos controla, ao que nos prohíbe, nos ameaza e non nos deixa pensar con liberdade.

Cristo non ordenou mulleres, pero tampouco homes

P- Ese círculo é o que rompes ti cando decides que non hai espazo suficiente para respirar (dentro da Compañía de Xesús)?

R- Si, iso influíu notablemente para tomar a decisión que tomei. Que, aos 78 anos, non é fácil tomar. Pero é que a min se me facía moi difícil pensar con liberdade e dicir libremente o que pensaba. E díxenme: “O pouco tempo de vida que me quede, que non será moito, quero poder pensar e falar con liberdade, ata onde me sexa posible”.

P- Quen manda na Igrexa española neste momento?

R- O cardeal Rouco ten un poder moi grande.

P- Sen contrapesos?

R- Tenos, pero están ocultos, segundo din os que coñecen o mundo interno da Conferencia Episcopal. Rouco deuse conta de que a liña que el tomou é bastante coincidente coa que domina hoxe no Vaticano. Alguén dirá: “Pois iso é o que ten que facer”. Pero eu diría: “Coidado”. Porque esa liña é coincidente co fundamentalismo relixioso máis tallante, e coa dereita política.

P- E iso ata pecha o “mercado relixioso”; o potencial. Se Igrexa somos todos, sexamos todos, non?

R- Unha das esperanzas que teño é que se vexan cada día máis angustiados economicamente. Porque a cruz vaina pór cada vez menos xente na casa da declaración da renda, porque cada vez vai menos xente ás igrexas e, xa que logo, as doazóns diminúen a unha velocidade de vertixe. E vanse ver nunha situación na que non lles vai quedar máis remedio -e é duro e desagradable dicilo- ca reformular moitas cousas.

P- Deberíanse reformular algunhas cousas por esgotamento? O celibato dos curas, a ordenación das mulleres, que a min me parece...

R- ...Evidentemente. Empezando porque Cristo non ordenou mulleres, pero tampouco homes. Cristo non ordenou a ninguén. Hoxe máis da metade das parroquias do mundo non teñen párroco, porque non hai sacerdotes suficientes. Antes có dereito da Igrexa a impor sacerdotes célibes ou só homes, está o dereito dos fieis a seren atendidos. Porque o primeiro é a Comunidade.

Grazas, mestre.

R- Moitas grazas.

In Memoriam Manuel Espiña

Rubén Aramburu

Creo que a primeira vez que detiveron a Manuel Espiña Gamallo foi no aeroporto de Barajas polos anos 60. A escena é conmovedora: días de vacacións nos que adiñeirados turistas europeos conflúen en Madrid con destino a Ibiza, Marbella, Benidorm...

Por outro lado centos de emigrantes galegos veñen pasar uns días coas súas familias despois dun duro ano de traballo en Suíza, Francia, Alemaña... Vía libre e toda clase de atención para os turistas e desprezo e esquecemento para os nosos inmigrantes, amoreados nun recuncho, durmindo no chan e xantando o que traían na equipaxe. Ao cura Manuel Espiña removéronselle as entrañas e improvisando unha tarima con varias maletas chama á rebelión e á subversión a aqueles galegos que “mantiñan o país co seu sacrificio” e eran tratados coma gando en vagóns de mercadería. Unha década despois o ministro de Franco, Fraga Iribarne, acaba coa emisión da Misa en Galego, radiada desde o Convento das Capuchinas da Coruña, seguida por moita xente non só pola lingua senón polo ton crítico das homilías de Espiña. Unha delas custoulle unha multa de 200.000 pesetas daquel tempo. Funcionou a solidariedade. Luís Seoane regaloulle a pintura “Cristo obreiro” para que a vendese e puidese pagar a multa: “No Deus que vostede predica, tamén creo eu” díxolle Seoane. Non foi necesario, centos de amigos reuniron os cartos. O “Cristo Obreiro” de Seoane vendeuno hai poucos anos á Fundación Caixanova; os cartos foron para outra loita na que tamén andaba Fraga Iribarne: o pelotazo dos terreos de Bemposta en Ourense. Espiña dooulle ao padre Silva o diñeiro do cadro.

O 28 de febreiro, Espiña faleceu en Pontevedra a causa dunha dura enfermidade chamada ELA. A penas un xornal daba conta do seu pasa-



mento na mañá do enterro de quen colaborou durante anos cos *Outeiros de San Xusto* no diario de maior tirada, *Outeiros* que emprestaba a outros amigos para que puidesen denunciar e berrar contra calquera tipo de inxustiza, *Outeiros* que deixou de escribir cando desde a dirección do xornal empezaron a chegar “avisos” e recortes nos anos 90.

Do que máis orgulloso estaba Espiña foi do seu compromiso coa lingua e , dos 32 anos de profesor universitario, desde 1965, todos foron impartidos en galego. Débenselle a el as primeiras traducións ao galego dos Evanxeos e do misal e numerosas publicacións en defensa da lingua e da cultura do noso pobo. Contaba con chanza cando o cardeal Suquía lle dixo que se deixaba de escribir “esas cosas” entraría na terna para bispo auxiliar de Santiago. Espiña contestou que non se vendía por unha

mitra. Nos anos setenta presidiu as Xornadas Patrióticas Galegas na Arxentina e no Uruguai e funda na Coruña a comunidade de base “Home Novo”. Foi membro do Consello de Redacción da revista *Encrucillada* durante 30 anos, e colaborador de *Irimia* e das Romaxes de Crentes Galegos. Tíñalle especial querenza a Irmandade Moncho Valcarce, da que era vicepresidente; foi un gran amigo e valedor do cura das Encrobas. Espiña naceu o día da Patria de 1933 en Folgoso, Cerdedo, nas mesmas fragas que viron medrar un neno cun compromiso inesquecible para o país: o padre Sarmiento. Pecho esta crónica apurada. Na radio escoito a Núñez Feijoo desde Roma; vai visitar o Papa e insiste en acabar co galego, e vexo a Espiña subido nun estrado de maletas de emigrantes galegos, berrando o orgullo de ter unha patria e unha fala.

O aborto como interrupción voluntaria do embarazo

A Asociación Mulleres Cristiáns Galegas Exeria aprobou recentemente en asemblea un documento que pretende compartir o pensamento e a reflexión de mulleres e de mulleres crentes nunha cuestión tan complexa e fronteiriza como a do aborto.

Con este documento queremos facer pública a nosa palabra de mulleres crentes en relación á interrupción voluntaria do embarazo, dándoa a coñecer en foros diversos tanto na sociedade como na Igrexa.

PARTIMOS DE QUE:


- Neste momento da historia do patriarcado, as mulleres como colectivo podemos expresarnos publicamente. A nosa palabra de mulleres é unha palabra diferente e nosoutras decidimos afrontar o reto de dicila.
- Ao longo da historia do patriarcado, as mulleres como colectivo padecemos un dominio e un control sobre o noso corpo, sobre a nosa sexualidade, sobre os nosos embarazos e partos. Agora estamos a entender que somos o noso corpo e que este -teña as condicións que teña- non é indigno nin motivo de vergonza.
- Ao longo da historia, as mulleres como colectivo dedicamos o noso tempo e as nosas enerxías a parir, a alimentar e a criar vida. Por iso, partimos dunha confianza e dun respecto básicos nas decisións das mulleres como colectivo fronte a todo o relacionado coa vida.
- Sabemos que o aborto sempre supón dor, sufrimento e traxedia. E por iso entendemos que, basicamente, é un mal. Ao longo da historia do patriarcado e ata a actualidade, sempre se realizaron abortos: unhas veces para dominar uns pobos sobre outros, outras por decisións políticas; algunhas veces por decisión de homes para evitar escándalos públicos, e outras tamén por decisión das mulleres embarazadas debido a múltiples motivos.
- Nós, mulleres, cristiás e galegas, queremos vivir e facer reflexión desde a nosa fe nun Deus que integra masculino e feminino nun respecto fondo pola diversidade dinámica da vida en continuo movemento e transformación. Queremos vivir e facer reflexión desde a escoita das palabras e da vida do noso irmán Xesús, amigo e defensor dos dereitos das mulleres por riba das normas sociais e relixiosas do seu tempo. Queremos vivir e facer reflexión inspiradas polo Materno Espírito que o impregna e vitaliza todo. Queremos vivir e facer reflexión seguindo os pasos doutras mulleres crentes que nos antecederon e que recoñecemos como nosas irmás maiores: María a nai de Xesús, María a Magdalena e as demais discípulas e seguidoras activas da Boa Nova do Evanxeo.
 - Polo tanto, e como consecuencia de todo o anterior, consideramos deslexitimada e non vinculante a palabra oficial da xerarquía católica en relación á cuestión do aborto.
 - E entendemos que nosoutras temos o dereito de existir e vivir en liberdade e de decidir sobre as nosas vidas.

Temos o dereito
de existir, vivir en
liberdade e decidir
sobre as nosas vidas




TENDO EN CONTA TODO ISTO:

1. Entendemos que a cuestión do aborto é unha cuestión complexa, que toca moitas dimensións (relacional, sexual, social, legal, moral...) e que ten que ver coa vida e polo tanto é unha cuestión fronteiriza.
2. Queremos que as institucións públicas e a sociedade civil en xeral tomen medidas e utilicen recursos para acompañar, asesorar e apoiar a calquera muller embarazada que pense na posibilidade dunha interrupción do seu embarazo.
3. Non queremos xulgar a ningunha muller que tome a decisión de interromper o seu embarazo. De principio cremos no dereito de calquera muller para decidir por si mesma sobre unha cuestión tan vital.
4. Queremos que calquera muller –de calquera condición social ou económica- que decida a interrupción do seu embarazo estea amparada por unhas prácticas seguras desde a sanidade pública.
5. Queremos que non se penalice de ningún xeito as mulleres que, nun momento da súa vida, deciden ou se ven abocadas a abortar.
6. Defendemos unha educación afectivo-sexual integral desde instancias públicas para evitar chegar a situacións non desexadas inicialmente.
7. Traballamos por unha sociedade que nos recoñeza a nós, mulleres, como cidadás de pleno dereito desde a nosa orixinalidade e diversidade.
8. Traballamos por unha Igrexa democrática e horizontal que deixe de actuar con dobre moral; unha Igrexa que recoñeza a nosa palabra e as nosas decisións e que respecte o noso proceder.



O noso taboleiro Homenaxe a Aguiño

Unai González Suárez



A Asociación Francisco Lorenzo Mariño, en colaboración co Ateneo Valle Inclán, organiza a xornada “Aguíño, 50 anos de parroquia. A parroquia, a etnografía e a historia” o venres 12 de marzo ás 21h, no Ateneo Valle Inclán de Ribeira.


É unha xornada na que se presenta en Ribeira o libro sobre Aguiño; ademais agasallaráse un exemplar ao ateneo para a súa biblioteca. O libro tamén estará á venda no lugar para que poidan adquirilo todas as persoas interesadas. Alí estarán o coordinador da publicación e presidente da entidade, Unai González Suárez, e os tres autores Andrés Torres Queiruga, María Luisa López Otero e José Antonio Otero Sobrido. Tamén se conta coa presenza do presidente do Ateneo Valle Inclán, Santos Ojo Bello.

A Asociación Francisco Lorenzo Mariño (que leva o nome do cura Paco de Aguiño, irimego para sempre) ten programados máis actos coma estes en Rianxo e no Porto do Son, polas raíces do finado don Paco co Son e pola vinculación cultural que une a Aguiño con Rianxo a través de persoeiros como Manuel Dourado Deira, nomeado “amigo de Aguiño” o 9 de maio de 2009.

Para máis información:

www.aguiño.com; www.riveira.com/webaguino ou aflmaguinho.blogspot.com.

O noso taboleiro



Prisciliano na cultura galega

Novo libro de Victorino Pérez Prieto

Segundo escribiu Otero Pedrayo, “Prisciliano é a maior personalidade que Galiza xerou; foi do seu tempo e aínda máis profundamente do seu pobo”. Así e todo, esta é aínda unha figura bastante descoñecida para a maioría e, cando non o é, adóitase ter ideas confusas acerca da súa persoa e do seu pensamento. **Prisciliano na cultura galega** tenta facer un achegamento científico á súa personalidade. Pero este libro é moito máis, non só fala da vida e a obra de Prisciliano, senón do priscilianismo, que viviu activo máis de dous séculos despois da súa trágica morte.

O teólogo Victorino Pérez Prieto deixa de manifesto neste libro, de maneira case exhaustiva, **o peso e a importancia** de Prisciliano na cultura galega, sobre todo desde o século XIX ata os nosos días. Salientablemente en figuras tan senlleiras coma Otero Pedrayo, Castelao, Portela Valladares ou Méndez Ferrín. Finalmente, e consonte co mesmo título do libro, deféndese a tese de que, alén do que poidamos saber de Prisciliano, o mártir de Tréveris é un símbolo necesario na construción da identidade galega.



Homenaxe a Moisés Lozano

O *Seminario Galego de Educación para a Paz* rende homenaxe a Moisés Lozano, unha das cabezas visibles do desde a súa fundación. Colaborador de *Irimia* é autor de diversas publicacións e unidades didácticas, experto en conflictividade e convivencia escolar. No acto, Manuel Dios, actual presidente do Seminario, entregará a insignia de ouro que o acredita e recoñece como educador xubilado e socio de honra desta entidade.

A homenaxe será no transcurso dunha cea que terá lugar o vindeiro día 12 de Marzo, venres, a partir das 21:00 horas, no Hotel NH Obradoiro de Santiago de Compostela. Para participar nesta homenaxe pódese contactar co Seminario Galego de Educación para a Paz no 981-561956.



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia>

Boa Nova



DOMINGO 21 DE MARZO. 5º DOMINGO DE CORESMA

Xn 8, 1-11

Naquel tempo saíu Xesús para o Monte das Oliveiras (...) Os escribas e fariseos trouxéronlle unha muller sorprendida en adulterio; puxérona no medio e medio e preguntáronlle: “Mestre, a esta muller collérona en flagrante adulterio. Moisés, na Lei, mandounos apedrar a esta xente. Ti que dis?” Preguntábanllo a mala fe para teren así de que o acusar. Pero Xesús, abaixado, escribía co dedo na terra. Como lle seguían a preguntar, ergueuse e díxolles: “Quen entre vós non teña pecado, que lle tire a primeira pedra”. (...) Quedou el só coa muller, que seguía no medio. Ergueuse entón e preguntoulle: “Muller, onde van? Ninguén te condenou?”. Ela respondeulle: “Ninguén, Señor”. Díxolle Xesús: “Tampouco eu non te condeno: vaite e desde agora non peques máis”.

- “Mestre, esta muller foi sorprendida en flagrante delito de aborto. A lei de Moisés manda que a apedremos. Ti que dis?”

Mentres facía debuxos na terra Xesús matinaba: “Vaia! Pois se o embarazo non foi obra do Espírito Santo, haberá que ver que clase de educación sexual recibiu esta muller, cantas veces foi minusvalorada ou maltratada dende nena, cantos “piropos de mal gusto” tivo que soportar, cantos descoñecidos lle “meteron man” no baile ou na rúa sen o seu consentimento, cantos a acosaron, cantas veces tivo que ver pornografía ao ir mercar unha chuche a un quiosco, cantas veces a xulgaron pola roupa que levaba ou polo tamaño das súas tetas, cantos a “repasaron” coa mirada coma se foran tratantes de gando, cantas veces tivo que deixar de bailar porque un pesado a molestaba, cantas veces tivo que quedar na casa porque os seus pais non a deixaban andar soa de noite, cantos “noivos” tivo que tan só querían “unha aventura sen complicacións”, canto lle deixaron de pagar por ser muller, cantas veces lle preguntaron nunha entrevista de traballo se pensaba casar ou ter fillos, cantas veces a ameazaron con despedila se quedaba embarazada. Haberá tamén que ver onde está o pai da criatura, para xulgalo por abandono...”

- “Quen estea libre de culpa que tire a primeira pedra!!”, disque dixo.

Levamos 100 anos celebrando o 8 de marzo. Cantos anos máis farán falla?

Traemos un comentario a esta lectura feito por J. A. Pagola para a última coresma, unha mensaxe sempre viva e un autor que nesta última semana volveu sufrir o acoso por parte de quen buscan silenciar a súa palabra. Para que poda sentir que non camiña só.

“(…) A actitude de Xesús ante a muller foi tan «revolucionaria» que, despois de vinte séculos, seguimos en boa parte sen querer entendela nin a asumir. Que podemos facer nas nosas comunidades cristiás? En primeiro lugar, actuar con vontade de transformar a Igrexa. O cambio é posible. Habemos de soñar cunha Igrexa diferente, comprometida como ninguén en promover unha vida máis digna, xusta e igualitaria entre varóns e mulleres. Podemos axudarnos a tomar conciencia de que o noso xeito de entender, vivir e imaxinar as relacións entre varón e muller non provén sempre do evanxeo. Somos prisioneiros de costumes, esquemas e tradicións que non teñen a súa orixe en Xesús pois conducen ao dominio do varón e a subordinación da muller. Temos de eliminar xa da Igrexa visións negativas da muller como «ocasión de pecado», «orixe do mal» ou «tentadora do varón». Hai que desenmascarar teoloxías, predicações e actitudes que favorecen a discriminación e descualificación da muller. Sinxelamente, non conteñen «evanxeo». Temos de romper o inexplicable silencio que hai en non poucas comunidades cristiás ante a violencia doméstica que fere os corpos e a dignidade de tantas mulleres. Os cristiáns non podemos vivir de costas ante unha realidade tan dolorosa e tan próxima. Que non berraría Xesús? (...) No evanxeo de Xesús hai unha mensaxe particular, dirixida aos varóns, que aínda non escoitamos nin anunciamos con fidelidade”.

A PALABRA

O ECO

A CLAVE

Falando da lingua Fulanitos

Lidia e Valentina

Sabemos que a fraseoloxía é “a combinación de palabras que están fixadas polo uso e que teñen un significado conxunto”; o que significa que teñen un significado moi distinto do que literalmente queren dicir. Este é un dos motivos polos que presenta grandes problemas á hora da súa tradución. A través dela recóllese a peculiar forma de ver o mundo por parte dun pobo e non é doado mergullarse ata tal grao nunha cultura.

Véñennos á cabeza moitas frases que utilizamos ás veces en galego tras unha tradución simultánea e incorrecta do castelán, cando na nosa lingua temos unha forma propia. Cantas veces non oístes que:

- fulano é un **cabeza de chorlito* por *é un cabeza choca, un cabeza no aire, un tarambaina, un caga na verza, un ó que lle anda o sentidiño polas silveiras...*
- fulano é un **bocazas* por *é unha porta faxeira, unha gaita na praza,*

unha lingua de trapo, un trapelo, un laretas...

- fulano é un **manitas* por *é un milmañas.*
- fulano é un **veleta* por *é bailanacriba, coma o vento, dos que vai cos da feira e vén cos do mercado...*
- fulano é un **calzonazos* por *é un xan debaixo da cama, un miñaxoia, un xan delas, un baraza de la, un chañas...*
- fulano é o **amo do cotarro* por *ten a vara e mais a besta.*

É certo que un rexistro culto non admite ben a fraseoloxía, máis típica do rexistro popular, pero unha frase feita ben empregada, incluso no máis culto dos rexistros, aforra mil palabras moitas veces ambiguas e é moito máis evidente ca moitos xiros perifrásticos.

Hai quen pensa que utilizar a fraseoloxía dá

unha imaxe de vulgar, rural, rústico, arcaico... por parte do usuario/a, e todos eles son conceptos moi negativos na sociedade na que vivimos. Pero tamén son un sinal ben claro de corazón, amor á terra, coñecemento de causa, ninguén como a lingua que mamamos recolle tan ben o noso sentir, xusto o que queremos expresar nun momento dado

A fraseoloxía é metáfora, a vida tamén é metáfora e os falantes nativos son os que mellor usan esas metáforas. Non fai falta ir á universidade, de feito moitos dos nosos vellos que case non pisaron a escola son verdadeiros reprodutores de metáforas.



O Fachineiro da lingua

As pingueiras da lingua

A Real Academia Galega é unha institución con luces, sombras e escala de grises ao longo da súa historia. Cando no seu seo abundaban os camándulas que só estiraban o pescozo para saír na foto non resultaba incómoda ao poder. Foi a esa Academia á que Uxío Novoneyra lle montou un número pola negligencia que observaba no seu labor. Agora ben, cando os membros da Academia deciden denunciar as agresións ao galego por parte da outra institución que debería promocionalo entón comeza a xurdir a chantaxe económica mediante ameaza de pechar a billa do financiamento. O edificio da Academia ten pingueiras, unha metáfora do que lle ocorre á lingua. Vemos como Feijoo se chufa de ser previsible



Norberto Uzal, galeguista integrador
Foto: Xoán Crespo

e cumprir o prometido cando celebra o seu primeiro ano de paz. Así, por man de Norberto Uzal, ese bendito que pasou de candidato de Falange Española a ser “de centro reformista e galeguista integrador” ameaza os Concellos que inclúan unha proba de galego ou cando Javier Guerra, disque Conselleiro de Industria, retira as axudas á rotulación de comercios en Galego. Calquera que sexa a medida sempre acaba co mesmo mantra: “...frente a la imposición del bipartito”. Cando se fala dos recortes orzamentarios á RAG os xornais non presebistas informan dos 115.000 euros que lle deron a David Meca por nadar entre Vilagarcía e Pontecesures ou os 22.500 euros diarios que a Xunta concede a *La Voz de Galicia*. Casualidades.

A.Q.